

Raúl Dans gaña o Premio SGAE de Teatro *Jardiel Poncela* 2015

Publicado o 2 Outubro 2015 por asociacionescritoras-es



Desde a SGAE:

“O dramaturgo Raúl Dans (A Coruña, 1964) é o gañador do XXIV Premio SGAE de Teatro Jardiel Poncela 2015 pola súa obra *Las canciones que les cantaban a los niños*, orixinalmente escrita en galego. O autor acada así o galardón dotado con 8.000 euros, inclusión da obra no Ciclo SGAE de Lecturas Dramatizadas e a publicación do texto dramático na Colección Teatroautor.

O escritor declara sentirse “moi honrado e feliz”: “Polas características do galardón, coa dotación económica, a publicación do texto e a lectura dramatizada, o Jardiel Poncela é un auténtico agasallo e un berro de ánimo”. Dans engade que “cando escribes unha obra desexas que goce dunha vida longa e plena, que alcance o seu lugar natural, a escena, e este recoñecemento supón un inicio francamente esperanzador”.

Trátase dunha obra de carácter humano, na que Raúl Dans explora temas como o perdón, a culpa e a redención. A acción desenvólvese nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela durante a primavera do Movemento 15 M, meses antes de que ETA anuncie, en outubro de 2011, o cesamento definitivo da actividade armada, e remóntase á década dos 80 do século pasado, os anos do terrorismo máis duro e dos GAL. Na obra hai dúas tramas principais que se entrelazan a medida que avanza a acción. Por unha banda está a historia dunha presa de ETA que vén de saír de prisión despois de cumprir a súa condena e, paralelamente, a dun mozo que desexa sabelo todo sobre a súa nai -ausente da súa vida dende que era un neno- para acabar descubriendo o terrible segredo que se agocha trala súa desaparición. “A idea do texto xurde dos encontros que promove a Vía Nanclores entre presos de ETA e familiares de vítimas do terrorismo. Preguntábame como se desenvolverían estes encontros, qué se di nun momento así, con qué palabras, e decidín poñerme a escribir sobre iso”, explica o autor.

O xurado do Premio SGAE de Teatro Jardiel Poncela 2015, a que concorreron un total de 187 obras, estivo presidido por Alfonso Plou e composto por Eduardo Alonso, Guillem Clua, Verónica Fernández, Eva Hibernia, Natalia Menéndez, Marta Torres e Paco Zarzoso.”